

ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA CONVOCANTE

| | | | |
|--|-----------------------|----------------------|-------------------|
| Nome: SONIA | 1.º apelido: GÓMEZ | 2.º apelido: NAYA | NIF: 34898059K |
| Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO) | Cargo: PRESIDENTA | | |

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

| | | | |
|--------|---|-------|---------|
| Lugar: | https://teams.microsoft.com | | |
| Data: | 19/06/2024 | Hora: | 21:00 h |

PERSOAS ASISTENTES

| Nome e apelidos | Cargo | Club | Asiste | Non asiste |
|--------------------------|----------------------------|---------------|--------|------------|
| Sonia Gómez Naya | Presidenta | Compás | X | |
| Claudia Oreiro Chapela | Vicepresidenta | Gallaecia | X | |
| Roberto Amarelle Garabán | Secretario | Compás | X | |
| Javier Antoñón Clemente | Tesoureiro | Arnela | X | |
| Teresa Bellón Santos | Responsable O-pé | Aromon | X | |
| Alicia Pérez Alonso | Responsable MTBO | Raza Palleira | X | |
| Adrián Pérez Alonso | Responsable Raids | Raza Palleira | X | |
| | Responsable Trail-O | | | |
| Jorge Piñeiro Portela | Responsable Direc. Técnica | Ártabros | X | |
| María Piñeiro Varela | Responsable de Comunic. | Ártabros | X | |
| Candela Puime López | Responsable Deporte Escol. | VigOrienta | | X |

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (14-05-2024)

Apróbase por unanimidade a acta da xunta directiva anterior celebrada o día 14/05/2024.

2. Presentación manual de CPO's de Xan Trigo

A Presidenta presenta a Xan Trigo ao cal lle cede a palabra para presentar a burocracia do manual de CPOs. O autor do manual pide que se presente por provincias. A Presidenta proponse tamén facelo ante a Secretaría Xeral do Deporte (SXD) e no GDR (Grupos de Desenvolvemento Rural). Xan Trigo propón tamén darlle acceso libre ao PDF do manual. A continuación comenta os custos, os dereitos de cesión e as taxas de homologación dos cicuitos que se vaian facendo e solicitando. Finalmente proponse un curso de técnico de homologación

3. Resumo Asamblea FEDO

A presidenta fai unha enumeración dos principais aspectos tratados na Asamblea Xeral de FEDO entre os que destacan:

- A existencia dunhas 4800 licencias a nivel nacional de orientación
- Os diferentes premios nacionais nas diferentes categorías
- A existencia dun déficit de 42000 euros debido a existencia dun gasto non compensado (subención que non foi aínda abonada)
- A existencia duns 180000 euros de patrimonio a nome da FEDO
- A única federación que aínda non pediu un crédito a data de hoxe
- As diferentes inversión que se están a realizar en dixitalización e en deporte inclusivo
- Os cambios de estatutos da FEDO que serán publicados no BOE

- A retirada da plataforma SICO e a posta en funcionamento dunha nova plataforma de inscrición e pago de probas

4. CESA 2024

A Presidenta fai unha descripción sobre a loxística e organización do vindeiro Campionato de Seleccións Autonómicas (CESA). Indica que o autobús no que viaxarán as persoas participantes sairá ás 09:00 h de A Coruña, pasando por Santiago e parando finalmente en Lugo (Área de Servicio de O Corgo). A continuación indica que entre as persoas participantes que integran a selección existen 11 corredores e corredoras que non formaron parte da selección do ano pasado, polo que será preciso proporcionarlle uniformidade a cal xa se está xestionando.

5. CESA 2025

A Presidenta indica que a FEDO aprobou que tanto o CESA 2025 como o CECEO (Campionato de España de Centros Escolares de Orientación) se celebre en Galicia. En canto ás datas de celebración, indica que o CESA celebrárase a finais do mes de xuño de 2025, mentres que as datas do CECEO deberán ser establecidas pola FEGADO.

6. Nomenclatura campionatos Galegos por parte da SXD

A Presidenta explica que a SXD esixe á FEGADO que os campionatos galegos de orientación se pasen a denominar “Campionatos da Xunta de Galicia”. Engade que esta esixencia non afecta a todos os clubs polo que propón enviarlle unha carta á SXD para que estes campionatos se poidan seguir denominando como “Campionatos galegos de Orientación”.

Por unanimidade dos presentes acórdase redactar e enviar esa carta á SXD.

7. Asamblea Xeral de Fegado de xuño

Toma a palabra o tesoureiro da FEGADO, Javier Antoñón, para explicar os principais aspectos económicos e orzamentarios que se tratarán na Asamblea Xeral do vindeiro día 22 de xuño

8. Rogos e preguntas

Adrián Pérez pregunta se nos Campionatos Galegos se entregarán diplomas en todas as categorías. Responde a Presidenta indicando que nos Campionatos Galegos si se debería entregar diplomas a todas as categorías, e que nas probas de liga autonómica sexan os clubs organizadores os que decidan. Non obstante, indica que este tema deberá ser tratado na próxima Asamblea de decembro.

Intervén Roberto Amarelle para preguntar se ao final se van desenvolver os cursos tanto de cartografía como de trazadores na nosa comunidade. Responde a Presidenta que si, que os está organizando Mancera e que se prevén que comecen no último trimestre do ano.

Jorge Piñeiro pregunta se ao final se mercaron as bandeirolas de FEGADO ao que responde Claudia Oreiro que si que xa están mercadas.

E sen máis asuntos que tratar, a presidenta da FEGADO dá por finalizada esta Xunta Directiva sendo as 23:50 h do día antes indicado.